

O Grupo Popular de Mondoñedo acadou en catro anos, con firmeza e tenacidade, unha estrutura de partido sólida e heteroxénea co único obxectivo de estar ao carón dos veciños e de ser coñecedor directo dos cambios máis demandados e das necesidades máis preocupantes.

Nesta vontade de conformar un partido próximo coa cidadanía, directo e responsable, o PP constituíu Novas Xeracións (NN.XX.), a agrupación político xuvenil vinculada aos populares. A través dela o PP está preto dos mozos, peza social clave e indispensable.

Dende o pasado mes de abril varios rapaces transládanlle ao partido as suxerencias dos máis novos. Beatriz Meilán (Os Remedios), Alberto García (Carroceira), Marcos Cabanas (Carroceira), Miguel García (Santa María Maior), Mireia Sante (O Carme) e Sonia Fernández (Figueiras) asumiron nun primeiro momento o importante e necesario cometido de traballar pola cidade. Dende aquela a lista de afiliados a Novas Xeracións amplíase paulatinamente.

Co afán de cumprir coa responsabilidade asumida, a agrupación político-xuvenil está a organizar, para o próximo sábado 26 de marzo, ás 12:00 horas, a conferencia "A estratexia política nos comicios electorais". O profesor de Xornalismo e Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela, Miguel Anxo Bastos Boubeta, trasladará a súa ampla experiencia en campañas políticas.

De igual maneira, e conscientes do potencial turístico e pouco aproveitado de Mondoñedo, NN.XX. realizou un estudio demoscópico para coñecer a valoración dos turistas sobre o Mercado Medieval. Os visitantes aproban a feira, pero botan de menos máis espectáculos; mentres que os vendedores consideran abusivo o elevado incremento do número de puntos de venta en detrimento dos postos de artesáns. A crítica máis xeneralizada asentouse na falta de prazas de aparcadoiros, un problema habitual en Mondoñedo e que se agrava durante o verán e nas feiras e festas.



¿SABÍAS QUE...?

» O PP levou a pleno o 24 de abril de 2008 unha moción na que se solicitaba un plan de prevención, para paliar todos os problemas xerados polas obras da A8, que tanto perxudican a varias parroquias e barrios do noso concello: O Carme, A Fonte, San Carlos, Ramís, Reguengo, San Paio, Vilamor, entre outros... obtendo a aprobación por unanimidade pero sendo incumplida a iniciativa ata o día de hoxe.

» A data de hoxe, febreiro de 2011, seguimos rexíndonos por un **presuposto prorrogado do ano 2009** (que foi aprobado en decembro, sendo, polo tanto, unha liquidación).

» Gastaron máis de 40.000 Euros en **contratar unha empresa externa** para facer a contabilidade local e a día de hoxe teñen máis atraso que atoparon no momento de tomar posesión... pero eso si, teñen **40.000 Euros menos**.

» Nos procedementos negociados **non convidan a empresas mindonienses** para facer as obras.

» **Feijóo visitou
As San Lucas
2010**



MITIN CON FEIJÓO

» **Presentación da Candidata á Alcaldía**
» **Sábado 26 ás 19:00h - Auditorio**

Estimado/a veciño/a:

Dende o Partido Popular de Mondoñedo queremos enviarche este boletín con información que consideramos de interese para poder facer un balance, con **obxectividade**, da xestión do **bipartito** mindoniense, dende que éste se asentou no poder no noso concello no ano 2007.

Preocupada por Mondoñedo, pola nosa cidade e polo noso rural, e coñecedora das circunstancias e problemáticas que entraña, considero, **de imperiosa necesidade** a implantación de medidas e actuacións para **dar un cambio**, cun equipo que sexa capaz de **deseñar e de executar**, proxectos atractivos, traballar con ilusión, propoñer solucións e **conseguir promocionar Mondoñedo de xeito que se dignifique** a súa **imaxe**, como o que é, un lugar **atractivo para vivir, traballar e invertir**.

Quero transmitirche tamén, que despois dun profundo proceso de reflexión, **asumo encabezar a candidatura para recuperar a Alcaldía**, para o vindeiro 22 de maio nos próximos comicios electorais, contando co respaldo do Partido Popular. Como mostra deste respaldo contaremos coa presenza, para o sábado 26 de febreiro, do **Presidente da Xunta**, Alberto Núñez Feijóo.

Quero convidarte a que me acompañes ese día pero, sobretodo, **quero implicarte** no meu proxecto: achégame, por favor, as túas inquiredanzas, as túas propostas e as túas suxerencias. **Todos xuntos podemos**.

Quedo á túa disposición, o próximo 26 de febreiro, o 22 de maio e **sempre**.

Unha aperta.



PACTO BNG-PSOE: Promesas incumplidas

Todo o que non se fixo e estaba prometido nos seus programas



Orlando González

Aparecía acompañado por dous Conselleiros do BNG, e dicían "entre todos, faremos que Mondoñedo avance"non avanzou.

- Xestión a prol da climatización da piscina municipal.
- Ximnasio municipal no pavillón polideportivo.
- Remate da pista deportiva do colexio de E.X.B.

- Criación do Centro de iniciativas empresariais (viveiro de empresas).
- Facilitar solo industrial e favorecer a implantación de empresas.

- Ampliación da rede de depuración e funcionamento da estación de bombeo e da depuradora ao 100%.

- Tratamento dos residuos sólidos urbanos fundamentado na redución, reutilización e reciclaxe.
- Recollida selectiva do lixo e creación dun punto limpo.

- Criación dun CENTRO DE DÍA RESIDENCIAL de titularidade e xestión pública.

- Recuperación e creación de rotas de sendeirismo.
- Campañas de promoción e divulgación. Presenza en feiras internacionais.

- Creación dunha rede de museos municipais.

- Promover a rehabilitación, acondicionamento e dotación dos locais ou baixos comerciais.

- Facilitar o acceso de mozos /as á vivenda protexida en cooperación coa Consellería de Vivenda (información, asesoramento e apoio).

- Creación de solo para vivenda protexida.

- Planos especiais para a protección, rehabilitación e mellora do medio rural.

- Xestión a prol dunha Residencia para persoas maiores.

- Ampliación do servizo de Gardería Municipal.

- Celebración de Encontros, Seminarios e Congresos.

- Creación do Padroado da cultura.

- Programación cultural estable (teatro, música, cine...). Incorporación ao IGAEM.

- Promover o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos sociais.

- Elaboración dun plano estratéxico para o fomento e promoción do comercio en colaboración cos comerciantes.

- Criación dunha emisora municipal.

- Elaboración dun plano de desenvolvemento turístico.

- Recuperación e posta en valor do noso patrimonio histórico, cultural e natural como produto turístico de calidade.

- Criación dun Camping Municipal.

- Completar a rede de locais sociais nas parroquias e equipar aos actuais.

- Soterramento de contedores de lixo nos barrios e casco histórico.

Recortes do programa electoral do BNG para as eleccións municipais de maio de 2007

PSOE

Modesto Díaz García

Encabezaba o seu programa electoral dicindo "faremos máis" o "tu voto pode....." ¿qué puido?, unirse ó BNG.

- Revitalizar festas lúdicas e gastronómicas.
- Desenvolvemento do Plan Turístico de Mondoñedo, potenciando as iniciativas Turismo Mondoñedo, Turismo Cultural, da Natureza, Rural e promoción de Feiras.

- Dinamización da Casa da Xuventude: novos horarios, e actividades.
- Fomentar a participación xuvenil na vida municipal, o asociacionismo e programas de intercambio.
- Creación do Consello da Xuventude.

- Recuperación dos lazos do Irmanamento Mondoñedo- Treguiel .
- Facer que Mondoñedo sexa un referente cultural de investigación a través do Centro Cultural Álvaro Cunqueiro.
- Programación anual de actividades culturais potenciando a colaboración das Asociacións

- Recuperar no concello unha verdadeira DEMOCRACIA onde se exerza a LIBERDADE e a participación de todos os cidadáns.
- Establecer servizos municipais próximos á poboación onde prime a formación e o fácil acceso.
- Elección democrática dos pedáneos.
- Reunión periódicas do Alcalde coas Parroquias de cara a manter un contacto que mellore e axilice a resolución dos problemas dos veciños.
- Promocionar a participación veciñal na elaboración dos orzamentos do Concello.

- Centro de día para maiores potenciado as actividades formativas e lúdicas.
- Dinamización da Casa da Muller.
- Solicitar a construción dunha Residencia para maiores.

- Mellora nos servizos das escolas deportivas.
- Biblioteca viaxeira.
- Explorar os deportes relacionados ca natureza: rotas de sendeirismo, parapente, recuperacion de xogos tradicionais,...

- Saneamento dos ríos, Viloalle e Masma e da Fervenza en colaboración coas asociacións de pesca.
- Mellora da recollida selectiva e o tratamento do lixo.
- Creación de Puntos Limpos.

- Ampliación do horario de biblioteca municipal.
- Cursos da Universidade de Verán.

- Aparcamento para vehículos.
- Limpeza periódica das carreteras e pistas viais.

- Axilizar a construción da Tesorería da Seguridade Social
- Potenciar o comercio Local.
- Promoción dos produtos da Horta de Mondoñedo.

Recortes do programa electoral do PSOE para as eleccións municipais de maio de 2007